



LECTORES EXPERTOS




"AGNI E A CHUVIA" Dora sales. Ed. Kalandraka

O álbum sitúase en Bombai (India), onde Agni, un neno de dez anos pobre que traballa desde os seis nun lavadoiro, soña con que un día cambiará a súa sorte...

"HILARIO E OS TRES MEDOS" Xoan Babarro. Ed. Oquelelo

Acoso escolar, amizade, afecto... Mergúllate nesta historia e visita as terras de Ibias para coñecer a orixe do caxato da nosa metereóloga.





"LAS AVENTURAS DE TOM SAWYER". Morvan. Ed. S.M.

Tom é un mozo orfo que vive coa súa tía. Xunto ao seu amigo Huck non fai máis que falcatrudas, recibe golpes ata que un día ambos son testemuñas dun crime...

"MAREA NEGRA"

Ana Alonso. Ed. Anaya

Julietta viaxa ata un pobo da costa galega. A única persoa que pode axudala deixou de falar hai tempo, a raíz da catástrofe do "Prestix". É o seu avó. Aprenderemos sobre os ecosistemas e o desenvolvemento sostible.



"ATLAS DE CURIOSIDADES" Clive Gifford. Ed. S.M.

Centos de datos de países, climas, paisaxes...

COÑECIMENTO



"INVENTARIO DE FLORES" Virginie Aladjidi Ed. Kalandraka


Álbum con máis de sesenta especies de flores do mundo.

EFEMÉRIDES LITERARIAS 2.017

Letras Galegas: CARLOS CASARES



Centenario do nacemento de GLORIA FUERTES



Webs e Blogs:

- <http://bibliotecasredondela.blogspot.com>
- <http://biblioblogreboreda.blogspot.com>
- <http://onovolardeigrexiño.blogspot.com>
- www.edu.xunta.es/centros/ceipcedeira
- <http://biblioxaquin.blogspot.com>
- <http://centros.edu.xunta.es/ceipdelaredo>
- <http://outeirodematilda.blogspot.com>
- <http://centros.edu.xunta.es/cepsantamarina>



www.bibliotecaportocabeiro.blogspot.com

BIBLIOTECAS ESCOLARES E MUNICIPAIS DE REDONDELA


SUXESTIÓNS LECTORAS VERÁN 2.017



LER NO VERÁN: UN PRACER NA TÚA MAN.

CEIP PORTO CABEIRO

PRELECTORES




“PRIMEIRA SEMANA NA ESCOLA DE VACAS”

Andy Cutbill. Ed. Salamandra


Daisy non se acaba de afacer na escola de vacas. Os seus cascos pintan diferente, a súa bosta non é igual e o mesmo pasa coas clases de remoer e de espantar moscas co rabo.

“ERNESTO E CELESTINA MÚSICOS DA RÚA”

Gabrielle Vicent. Ed. Kalandraka



Os amigos axúdanse nos momentos difíciles. Un oso e una ratiña atopan na música a solución a un apuro doméstico.



“¡QUÉ ABURRIMIENTO!”

Henrike Wilson. Ed. Lóquez


Un pequeno oso abúrrese. Un breve percorrido polo bosque e o encontro con diversos amigos traerlle unha importante lección de vida ao protagonista.

“UN TIGRE CON TUTÚ”

Fabi Santiago. Ed. Siruela



Max vive en París e ten un soño: ser bailarín e brillar no escenario. Conseguirao? Un conto sobre a amizade, o talento e o empeño por conseguir aquilo que nos fai máis felices.



“POLO CAMIÑO”

Mariana Ruíz. Ed. Kalandraka

Os animais van marchando, do 1 ao 10. A onde irán esta vez? Rimas festivas para contar e cantar.

PRIMEIROS LECTORES



“O COCIÑEIRO MARTIÑO”

Iago López. Ed. Xerais


No palacio real andan buscando alguén para traballar nas cocinas. Unha persoa que saiba guisar, asar e cocer para reis, raíñas... Martiño quere preparar o mellor biscoito da súa vida...

“TAM, TIM E TOM”

Roberto Mezquita. OQO editora



Escrito a partir dun dos contos dos irmáns Grimm que fala do valor de compartir, de realizar tarefas en común e sobre a equidade e a xustiza.



“DRAGÓN BUENO Y DRAGÓN MALO”

Christine Nöstlinger. Ed. Picarona

O dragón bo e o dragón malo sempre están con Florian. Os tres forman un trio invencible. Pero os dragóns non queren ir á praia; a auga é para os peixes, non para os dragóns... e quizais pode ser que teñan un pouco de medo.

“MIRA AL CIELO”

José Ramón Alonso. Ed. Juventud



Cantas estrelas hai no Universo? Quen inventou o primeiro telescopio? Que animais viaxaron ao Espazo? Este álbum responde a estas preguntas e a outras máis sobre o mundo da exploración espacial.

LECTORES AUTÓNOMOS



“A CAZADORA DE ESTRELAS”

María Canosa. Ed. Xerais

Megumi era unha das mellores cazadoras de estrelas da súa comunidade. Contaba coa magnífica axuda de Turrón, unha egua que galopaba lixeira coma o vento.



“A FÁBULA DOS RATOS MENSAXEIRO”

Xan López. Ed. Tucan


Hai tempo os animais comunicábanse entre eles grazas ás mensaxeiras do Mundo animal. A súa tarefa consistía en levar mensaxes duns animais a outros con rapidez e discreción.



“LA PRINCESA DE NEGRO”

Shannon Hale. Ed. Beascoa


Cando a monstro-alarma se dispara, a Princesa Magnolia convértese en... A Princesa de Negro! Poderá a Princesa derrotar ao monstro antes de que descubran o seu segredo?



“MAARÓN”

Hakon Ovreas. Barbara Fiori Ed.

Aarón é un neno que ten que lidar cos gamberros do barrio mentres se enfrenta á morte dun ser querido. Pero ten amigos, forza de vontade, pinturas e... unha capa marrón. E transfórmase en Maarón, un superheroe.



“DESDE ENTONCES HASTA AHORA”

Catherine Barr. Ed. S.M.

Ao principio ningún ser vivo habitaba a Terra. Era un lugar ruidoso e cálido. Os volcáns expulsaban gases asfixiantes. Ata que un día ocorreu algo sorprendente...



E
N
F
A
M
I
L
I
A

“VOLTA, REVOLTA E REVIRAVOLTA”

Ed. Galaxia




“CANCIONES PARA DESAFINAR”

Ed. Galaxia



M
Ú
S
I
C
A



“¿POR QUÉ LOS MARINEROS NO SABEN NADAR? Y OTRAS CURIOSIDADES MARÍTIMAS”

Nic Compton. Ed. Juventud

Compendio de datos curiosos e de expresións sobre o mar.

E
N
F
A
M
I
L
I
A



C
I
E
N
C
I
A